

## PROXECTO CASA ALBERGUE EN SAN CRISTÓBAL DE LAS CASAS, CHIAPAS, MÉXICO

Estimad@ amig@:

As orixes do Proxecto Casa-Albergue en San Cristóbal de las Casas, Chiapas, México, xurde nos meses de novembro e decembro de 1995, terminando de forxarse en abril de 1996, coincidindo con senllas viaxes de persoas aíns á Tenda da Solidariedade de Huelva.

O obxectivo destas viaxes era a búsqueda de artesás e artesáns indíxenas organizad@s cos que se poidera manter un vínculo comercial equitativo.

Durante a segunda viaxe puidemos contactar e coñecer máis directamente as urxencias máis importantes d@s artesás e artesáns, e da sociedade civil en xeral, en canto a necesidades, formación e coordinación.

Dentro da Organización Zapatista xurden proxectos solidarios autoxestivos que fomentan e financian á sociedade civil en todo o proceso de transformación social no que traballan actualmente.

Con todos estes ingredientes, e observando a masiva presenza de mexican@s e extranxeir@s que acuden a colaborar, visitar, turistear, ... ó estado de Chiapas (polas súas belezas tanto naturais coma de valores humanos que alí se reúnen); se nos ocorría que poderíamos canalizar ese caudal humano, intentando que os gastos de estancia revertiran ás comunidades e organizacións, e non se queden en mans de algúns empresarios sen principios nin moral que tanto abundan, desgraciadamente, naquelas terras.

Pensamos pois en crear unha Casa-Albergue, onde poidan quedarse gratuitamente as persoas das comunidades e organizacións indíxenas que participan nos Diálogos de Paz (o seu poder adquisitivo é mínimo) e onde nós (@s visitantes) pagáramos (igual que en calquera outro sitio) a nosa estancia; dispoñendo dun lugar onde atopar bibliografía, publicacións alternativas, charlas, ... así como artesanía das comunidades indíxenas en resistencia, evitando intermediari@s, recuperando prendas textís tradicionais que se están a perder, ...

Tamén pensamos nesta Casa-Albergue coma un lugar de encontro de persoas distintas, con puntos de vista similares e con inxerencias comúns, @s que se intente reunir para que as diversas experiencias revertan no mesmo sitio.

Este proxecto intenta ser autoxestionario e que os seus beneficios sexan aportados a esa sociedade civil que se está organizando, para loitar pola dignidade, xusticia e democracia que tanto desexan.

Esperamos que este proxecto poida ser financiado por organismos, colectivos, asociacións, ... e, en xeral, polas xentes de Huelva e a súa provincia, para o que iniciamos esta campaña de sensibilización e información.

### XUSTIFICACIÓN

Dende o xurdimento da rebelión indíxena en Chiapas, o Exército Zapatista de Liberación Nacional chamou ó pobo de México para que se organice en contra do sistema de partido no Estado (PRI). Os esforzos neste sentido observáronse nas Declaracións da Selva Lacandona. Primeiro coñecemos o ¡ya basta!; despois da iniciativa do diálogo nacional a expresión intentou se-la Convención Nacional Democrática; en terceiro lugar a proposta de impulsar o Movemento de Liberación Nacional e recentemente na Cuarta Declaración de la Selva Lacandona a iniciativa de construír o Frente Zapatista de Liberación Nacional, organización civil e pacífica con base no EZLN. Esta proposta ten o seu antecedente máis inmediato na Gran Consulta Nacional e Internacional realizada o 27 de agosto de 1995. Por primeira vez na historia dos movementos armados preguntouse á sociedade civil sobre o futuro dunha organización de carácter político-militar. O resultado maioritario foi que o EZLN tería que sentar as bases para crear unha organización independente e nova. Para iso, o 29 de setembro de 1995 en La Realidad, Chiapas, o EZLN propón á sociedade civil como primeiro paso para formar esa nova organización, a creación dos Comités Cívís do Diálogo. Os comités no inmediato terían que desenvolver tres tarefas fundamentais: discutir o proxecto de nación que queremos, como é que queremos que sexa a nova organización e como nos preparamos para a resistencia. Actualmente atopámonos neste proceso. A nivel nacional promóvense os Comités Cívís do Diálogo e en Chiapas levamos máis de 60 comités conformados. Esta tarefa require non soamente do recurso humano, senón tamén do apoio financeiro para sufragar os gastos que toda tarefa política necesita. Por iso é que agora, o Comité Rexional Promotor do Frente Zapatista de Liberación Nacional de Villa de las Rosas e os Comités Cívís de Diálogo, presentamos á solidariedade internacional o Proxecto Casa-Albergue, coa idea de buscar un mecanismo que nos permita obter recursos a curto prazo. Pensamos que un proxecto desta natureza é viable en San Cristóbal de las Casas, debido a que permanentemente existen visitantes nacionais e extranxeiros que motivados polo alzamento zapatista veñen constantemente a Chiapas a realizar distintas actividades. A idea é poder contar cun espazo accesible económica-

mente para @ visitante e ademais un lugar de encontro onde poda senti-la seguridade de que a súa estancia é unha contribución ó desenvolvemento do movemento. En principio a casa pode funcionar co máis elemental, pero a intención é que pouco a pouco se vaia dotando doutros servicios tales como comedor, centro de información documental, vídeos, etc. Cremos que o anterior pódese lograr porque o proxecto a futuro e en curto prazo ten que ser autofinanciable, para non depender de apoios externos. Por agora só precisamos o orzamento inicial para poder arrincar co proxecto. Este tipo de iniciativas consideramos deben ser apoiadas porque garanten o autofinanciamento do movemento en Chiapas e México.

### OBXECTIVO XERAL



Habilitar un espacio albergue onde se atope un clima agradable de convivencia e intercambio de experiencias en relación ó movemento para que as persoas que utilicen o servicio reciban información social e política da realidade mexicana e chiapaneca.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- \* Ofrecer un lugar agradable e de confianza entre @s visitantes.
- \* Apoiar a compañeir@s indíxenas que acuden permanentemente ós diálogos de San Andrés e a outras actividades que realizan os Comités Cívís de Diálogo.
- \* Buscar alternativas laborais para quen está incorporad@ ó movemento a tempo completo.
- \* Dipoñer dun lugar no que se expoñan as diferentes artesanías indíxenas para a súa mellor venda sen intermediari@s.
- \* Contar cun centro de documentación para que se reciba información obxectiva sobre a situación actual.
- \* Obter recursos para realizar actividades de promoción, formación e capacitación sobre os Comités Cívís do Diálogo.

NOTA: O proxecto da Casa-Albergue leva funcionando dende o día 25 de xullo de 1996, poucos días antes de comeza-lo I Encontro Intercontinental Pola Humanidade e Contra o Neoliberalismo. Na actualidade xa está a funcionar o centro de documentación, centralízanse na tenda habilitada no albergue as artesanías das cooperativas zapatistas en resistencia, contan cun comedor, e estanse levando a cabo tódolos obxectivos marcados no proxecto.

Enderezo da Casa-Albergue:  
Calle Flavio Paniagua n° 2. Centro de San Cristóbal de las Casas.  
Chiapas, México.  
Tel./fax: 07-52-967-80670



***¡¡NON LLE DEA MÁIS VOLTAS!!***

### **ASESORÍA - CONSULTORÍA**

- Asesoramento Laboral, Fiscal e Contable.
- Estudos Prospectivos.
- Proxectos de Creación de Empresas.
- Asesoramento especializado a Empresas de Economía Social.

### **ÁREA DE FORMACIÓN**

- Cooperativismo e Economía Social.
- Formación de Directivos e Técnicos.
- Programas Formativos a Medida.
- Iniciativas Locais de Emprego.

### **Xedega, S. Coop.**

Rúa Marqués de Valladares, 23 - Of. 715-716  
Apartado 8268  
36201 VIGO (Pontevedra)  
E-Mail: [xedega-scoop@redestb.es](mailto:xedega-scoop@redestb.es)



**430404**



**228822**